

## INFORME/RESUMO PLENO DO COMITÉ DE EMPRESA DE 28 DE XULLO DE 2006

Orde do día:

Actas

Informe das Comisións

Varios:

-Pemes

ooooooooooooOOOOOOOOOOoooooooooooo

### **Actas:**

Entréganse asinadas as actas 25 e 26 e queda a 27 para ver en Permanente.

### **Informe das Comisións:**

#### Comisión de Formación

Estase en consultas coa Comisión Central de Formación para ver se hai forma de manter a de A Coruña. Hai discrepancia coa empresa sobre o carácter multiprovincial da escola de A Coruña.

Farase escrito de protesta que se pasará na Permanente. Independentemente diso, xa que non hai Comisión de Formación Provincial tratarase a formación na Comisión de Xestión, incluíndo o tema como punto da Orde do día.

#### Comisión de Seguridade e Saúde Laboral

*Ó non haber ningún membro do Comité SSLP, trátase a necesidade de facer, cos membros de Seguridade e Saúde Laboral, unha lista para saber quen vai informar en cada Pleno.*

Informase dos puntos tratados en SSL, entre eles:

Accidentes de traballo en Telefónica e Colaboradoras./ Obturación de ocos nas centrais, que empezarán polos edificios con persoal.

Evacuación en Riazor por cheiro a queimado. Cando o persoal quixo saír do edificio atopouse que o vixiante de seguridade, despois de consultalo telefonicamente, non o permitía sen asinar primeiro nunha folla, xa que os tarxeteiros non funcionaban. Sobre este tema acordouse solicitar a presenza de Fidalgo na próxima xunta de SSL e que informe do incidente, que consideramos moi grave, e logo que se envíe información ó Comité Central SSL.

Amplificación de fonía en Espiño./ Falta de revisión dalgúns extintores.

CT de Inferniño, estaba previsto que asistira o xefe de Inferniño para tratar varios problemas que hai nesa CT pero non estivo. Queda para a próxima.

Aire acondicionado en distintos edificios, van facer medidas pero non solucionan os problemas.

Revisión de escaleiras tipo A./ Problemas de iluminación en varios repartidores. / Postes compartidos.

ASCs acoplados en portabilidade por problemas médicos: A Dra. Camino non informou nin xenericamente de que doenzas impedían o traballo dos afectados amparándose na confidencialidade da información.

*Debátese neste punto sobre o dereito de acceso á información confidencial por parte dos representantes dos traballadores, cando sexa inevitable, e a obriga recollida no Estatuto de gardar sxiilo. Dado que a Empresa non responde ós requirimentos do Comité, estudarase*

*delimitar o tema pola vía legal, Inspección, etc desde o Comité e á marxe das iniciativas que cada Sindicato puidera adoptar.*

Comisión de Xestión

Non houbo Comisión de Xestión desde o último Pleno.

**Varios:**

Pemes

En Pemes foi eliminada, en base a cumprimento de obxectivos, a xornada intensiva que viña facéndose desde hai anos durante o verán.

Tamén se comenta que os xefes teñen as claves privadas de cada traballador e a grave implicación que isto pode ter sobre todo despois do correo enviado a todo o persoal sobre o procedemento das vendas.

Solicitarase a presenza da xefa M<sup>a</sup> Goas na Comisión de Xestión para que informe sobre a xornada e para que solucione ou cando menos quede constancia da non confidencialidade das claves empregadas por cada traballador.

oooooo**O00000**Oooooooo